

Ref.: AS2202

RESOLUCIÓN REITORAL, POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO 2º CONCURSO PÚBLICO PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS DE PROFESORADO ASOCIADO. CURSO ACADÉMICO 2022-2023.

Consonte ao disposto na base 4 da convocatoria do 2º concurso público para a provisión de prazas de profesorado asociado, convocado por esta universidade mediante Resolución reitoral do 27 de decembro de 2022 publicada no DOG do 10 de xaneiro de 2023,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro: Aprobar e facer pública no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas (lista alfabética e lista por prazas) no 2º concurso público para provisión de prazas de profesorado asociado na Universidade de Vigo.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición contra esta resolución no prazo dun mes contado dende o día seguinte da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor,
P.D. (R.R. de 22 de xuño de 2022, DOG do 6 de xullo)
O VICERREITOR DE PROFESORADO, DOCENCIA E TITULACIÓNS,
(asinado dixitalmente)

Taboleiro de anuncios da Sede electronica da Universidade de Vigo

